




BENVIDOS AO TERRITORIO VÁKNER

Estades a piques de introducirvos nun territorio mítico e descoñecido, nun mundo de lenda e misterio, nunha época de cambios e descubrimentos para a humanidade.


Un bispo, Mártir de Arzendján, un monstro e as enigmáticas terras de Dumbria forman parte dun relato que vos fará percorrer estes lugares con coidado e precaución.



VÁKNER

UN MONSTRO DO MEDIEVO
NO CAMIÑO DE FISTERRA
E MUXÍA

Proxecto financiado polo Programa O Teu Xacobeo



www.dumbria.com



TERRITORIO VÁKNER

O MONSTRO

O **Vákner** é unha besta salvaxe, cunha presenza tan fugaz e enigmática coma perigosa e daniña, que moraba nos montes que separan a meseta do Xallas e a costa de Fisterra, que se interpoñen no camiño xacobeo que de Santiago de Compostela conduce á fin do mundo dos antigos.

O PROTAGONISTA

O noso peregrino, procedente de tan afastadas terras, é o bispo **Mártir de Arzendján**, cidade e diocese de Armenia situada na península de Anatolia –actual Turquía-, que emprendeu a súa peregrinación dende o mosteiro de San Ciriaco de Norkiegh, onde residía.

A HISTORIA

Todo comeza o **29 de outubro do 1489**, cando o bispo Mártir inicia a súa peregrinaxe por gran parte do mundo entón coñecido, que non concluírá ata 1496. O seu periplo levarao por Constantinopla, Venecia, Ancona, Roma, Constanza, Basilea, Frankfurt, Friburgo, Estrasburgo, Colonia, Espira, Aquisgrán, Besançon, Flandes, Normandía, París, Étampes, Tours Poitiers, Bayonne, Donostia, Portugalete, Santander, Santillana del Mar, San Vicente de la Barquera, Oviedo e Betanzos, dende onde alcanzou Santiago de Compostela, e tras permanecer alí 84 días, ata o **cabo Fisterra**.

O TESTEMUÑO

O breve relato da travesía ata a vila do Santo Cristo e o cabo é o seguinte: *“Recibí la bendición de Santiago, me puse en camino y llegué a la extremidad del mundo, a la playa de la Santa Virgen, a un edificio que fue construido por la propia mano del apóstol San Pablo y que los francos llaman Santa María de Finisterre.*

Padecí muchos trabajos y fatigas en este viaje, en el cual topé con gran cantidad de bestias salvajes muy peligrosas. Encontramos el vákner, animal salvaje grande y muy dañino. ¿Cómo, me decían, habéis podido salvaros, cuando compañías de veinte personas no pueden pasar? Fui en seguida al país de Holani cuyos habitantes se alimentan también de pescado y cuya lengua yo no comprendía. Me trataron con la mayor consideración, llevándome de casa en casa y admirándose de que hubiese escapado del vákner”.

De que animal aparentemente grande, solitario e temible está falando Mártir cando menciona ao vákner, singularizado como o peor dunha xeración de bestas salvaxes e perigosas que axexaban aos usuarios deste roteiro?

Atrevédevos a atopalo!!!
Dumbría espérvos, o vákner axexa.